



Ansiedad e rendemento en matemáticas

Este artigo presenta un estudio sobre a relación que existe entre ansiedad e rendemento en matemáticas. A investigación levouse a cabo cunha mostra formada por 1.220 alumnos de educación secundaria obligatoria, para a que aplicamos un cuestionario de ansiedad. As asociacións e influencias respecto ás variables centro, curso e sexo foron pescudadas coa proba non paramétrica de Kruskal-Wallis. Para coñecer os efectos xerais e específicos da variable ansiedad sobre o rendemento académico recorremos á correlación de Pearson e ao procedemento de regresión múltiple.

Enrique de la Torre Fdez.

Universidade da Coruña

torref@udc.es

M. Dorinda Mato Vázquez

Universidade da Coruña

mmatov@udc.es

Eduardo R. Rguez. Machado

CPI Vicente Otero Valcárcel (Carbal)

upa@edu.xunta.es

Palabras clave

Ansiedade, dimensíons, rendemento.

Introdución

Numerosos autores indican que moitos alumnos senten ansiedade ante as matemáticas, o que provoca unha falta de interese nas clases, que obteñan notas baixas e que escollan menos materias optativas relacionadas con elas. Non ten que sorprendernos, polo tanto, que a ansiedade xerada pola aversión aos números estea tamén relacionada coa elección dos estudantes dunha determinada carreira universitaria, e os que se especializan en Matemáticas ou en Ciencias Físicas teñan unha cualificación considerablemente máis baixa en ansiedade que aqueles que, por exemplo, elixen Humanidades (Abreu, 1998).

O problema debe considerarse, non só como hostilidade ante unha materia, senón como algo con efectos más devastadores, como medo irracional e ilóxico, pánico, impotencia, parálise e desorganización mental que produce nalgunhas persoas o feito de pedirles que resolván un problema (Lazarus, 1974; Tobias e Weissbrod, 1980).

Para Hembree (1990), é un estado que xorde ante unha situación relacionada coas matemáticas, pero que está referida á ansiedade en xeral e ás súas subinterpretacións. Pode ser unha falta de confianza na propia habilidade para aprender a materia (Resnick, Viehe e Segal, 1982), ou que a falta de confianza, a ansiedade e a soildade estean intrínsecamente entrecruzadas e todas en conxunto afecten negativamente á motivación (Dodd, 1992), ou que sexa moito máis que iso, e que inclúa reaccións afectivas negativas ante as matemáticas (Wigfield e Meece, 1988).

Parece que non hai unha orixe definida atribuíble á angustia/ansiedade de ante as actividades relacionadas co cálculo. Algunxs argumentan diferenzas bioquímicas no cerebro; outros reaccións do comportamento, pero unha boa ensinanza semella eliminar esta ansiedade.

Quizais o primeiro paso sexa que os educadores chequemos a ser máis conscientes de que existe, porque suprimindo a angustia se poden reducir os segredos que os estudiantes gardan sobre as súas carencias en habilidades matemáticas, e abrir máis portas no futuro (Rick Seaman, 1999).

O problema ten consecuencias que poden ser irreversibles. (ver esquema 1). Segundo o Informe Cockcroft (1982), parece que existe unha relación negativa entre a ansiedade e o éxito neste campo. Estas correlacións documentáronse en varios estudos en adultos e en estudiantes de secundaria (Richardson e Suinn, 1972; Marsh, 1988; Suinn, Taylor e Edwards, 1989; Hembree, 1990).

A análise e a reflexión sobre a forma de aprender dos alumnos, sobre a súa práctica e o contexto no que se desenvolven, é o mecanismo a través do que o profesor chega a ser consciente e pode afrontar os diversos problemas cos que se atopa o estudiante.

Obxectivos e metodoloxía da investigación

Como profesionais da educación e, en concreto, como profesores de Matemáticas, temos interese en identificar os conflitos que, nas situacións de ensino-aprendizaxe, se lle presentan a nun neno ansioso; dado que a ansiedade afecta a todos os factores e pode ser a causa de discrepancias entre as capacidades dunha persoa e a súa forma de actuar.

Mostra

Para levar a cabo a investigación traballouse cunha mostra de 1.220 alumnos de ESO (586 rapaces e 634 mozas), pertencentes a sete centros, que representan toda a tipoloxía (colexios públicos, do centro e da periferia; concertados e privados), así como todos os cursos (1º, 2º, 3º e 4º) que forman o ensino secundario obligatorio. A distribución da mostra por centro, curso e sexo refíctese na Táboa 1.

Instrumento

O cuestionario utilizado para a investigación foi deseñado por Mato Vázquez (2006). Ten unha fiabilidade

Esquema 1 EFECTOS QUE PRODUCE A ANSIEDADE NOS ESTUDANTES

inflúe	no proceso cognitivo
bloquea	o razonamento lóxico
interfire	na atención e na memoria
diminúe	a efectividade do esforzo
paraliza	o pensamento
causa	problemas de rendemento
causa	carencias nas estratexias de aprendizaxe específicas e metacognitivas

A ansiedade

Mostra	Homes	Mulleres	Centros				Grupos			
			Público C	Público P	Concertado	Privado	1º	2º	3º	4º
1220	586	634	2	2	2	1	14	14	14	7

Táboa 1

Distribución da mostra

dade altamente satisfactoria, cun coeficiente Alpha de Cronbach de ,9504. Consta de 24 ítems distribuídos en cinco factores. O factor de "ansiedad diante da avaliación de matemáticas" comprende 11 ítems e refírese ao sentimento de angustia e temor que o alumno manifesta diante dos exames e ao ter que resolver cuestións en público.

O factor de "ansiedad diante da temporalidade" inclúe 4 ítems e fai referencia á ansiedad que senten

os alumnos ante o tempo que lles queda para facer un exame ou para levar os exercicios resoltos para a clase.

O factor de "ansiedad diante da comprensión de problemas" consta de 3 ítems e refírese ao temor que o alumno sente diante da comprensión dos problemas de matemáticas.

O factor de "ansiedad fronte aos números e operacións matemáticas"

"cas" está integrado por 3 ítems e refírese ao sentimento de ansiedad e temor que o alumno manifesta ao facer exercicios, operacións e, en xeral, ao traballar con números.

O factor de "ansiedad perante situacións matemáticas da vida real" comprende 3 ítems e, como se di no enunciado, fai referencia á ansiedad que sente o alumno ao ter que se confrontar ás matemáticas da vida real.

Análise dos datos e resultados

Para realizar as análises respecto ao centro e curso optamos por aplicar a proba de Kruskal-Wallis. Para o caso da variable sexo empregamos a U de Man Whitney.

- Variable centro

Os datos obtidos móstrannos diferenzas significativas en cada unha das dimensóns da ansiedade respecto ao centro, ao constatarse valores significativos por debaixo de ,05. Os datos referidos á "ansiedad total", revelan que os suxeitos de colexios públicos (centro ou periferia) son os que se perfilan como más ansiosos, seguidos dos colexios concertados e, en último lugar, dos privados.

- Variable curso

Os resultados evidencian diferenzas significativas en todos os factores da ansiedade respecto ao curso, ao constatarse valores significativos por debaixo de ,05 para cada un dos factores referidos á ansiedade; agás o referido á "ansiedad diante da avaliación" cun valor de 0,47; ainda que temos que consideralo como un valor bastante axustado. Débese sinalar que, en termos globais, a ansiedade vai diminuíndo a medida que os suxeitos soben de curso.

- Variable sexo

Aplicamos a proba U de Man-Whitney, co fin de analizar se existían diferenzas significativas respecto á variable sexo, coas categorías masculino e feminino. Non as atopamos en ningún dos dous factores referidos á "ansiedad diante da temporalidade" e "ansiedad perante situacións da vida real". En cambio, amosa diferenzas significativas nos demais factores, "ansiedad diante da avaliación"; "ansiedad diante da comprensión de problemas" e "ansiedad fronte aos números e ás operacións matemáticas".

Nesta Táboa 2 queremos reflectir as asociacións e influencias entre as variables obtidas a través da proba non paramétrica de Kruskal-Wallis.

Análise da relación entre ansiedade e rendemento en matemáticas

Na Táboa 3 reflectimos as asociacións e influencias entre as variables, por medio da proba non paramétrica de Kruskal-Wallis. Atopamos que non existen diferenzas nos factores de "ansiedad diante da temporalidade", "ansiedad diante da comprensión de problemas" e "ansiedad perante situacións da vida real" en función das cualificacións dos estudantes. Estas diferenzas danse nos factores

"ansiedad diante da avaliación" e "ansiedad fronte aos números e ás operacións matemáticas".

Para analizar as asociacións e influencias entre as variables utilizadas optamos por realizar a correlación de Pearson entre as dúas variables e os factores en que se descompoñen.

Os resultados que se presentan na Táboa 4 mostran a existencia dunha relación inversa entre o rendemento e a ansiedad, é dicir, a medida que a ansiedad aumenta o rendemento diminúe.

Factores	Variables		
	Centro	Curso	Sexo
Ansiedad ante a avaliación	,000	,007	,221
Ansiedad ante a temporalidade	,000	,000	,000
Ansiedad ante a comprensión de problemas matemáticos	,022	,002	,226
Ansiedad fronte aos números e ás operacións matemáticas	,000	,001	,946
Ansiedad ante situacións da vida real	,000	,000	,029

Táboa 2 Asociacións e influencias entre as variables

	Ansiedad total	Ansiedad ante a avaliación	Ansiedad ante a temporalidade	Ansiedad ante a comprensión de problemas	Ansiedad fronte aos n.º e ás operacións	Ansiedad ante situacións da vida
Chi cuadrado	13,533	14,863	5,877	4,409	9,354	1,414
Gl	4	4	4	4	4	4
Sig. asintót.	,009	,005	,209	,353	,043	,842

Táboa 3 Efectos xerais da variable ansiedad sobre o rendemento

		Cualificación dos alumnos	Ansiedad total
Cualificación dos alumnos	Correlación de Pearson	1	-,100(**)
	Sig. (bilateral)		,000
Ansiedad total	Correlación de Pearson	-,100(**)	1
	Sig. (bilateral)	,000	
	N	1220	1220

Táboa 4 Correlacións cualificacións-ansiedad

** Á correlación é significativa ao nivel 0,01 (bilateral).

Os valores que incluímos deseñado representan as correlacións existentes entre o rendemento e cada un dos factores da ansiedade. Como podemos apreciar existe unha correlación negativa entre eles e significativa ao 0,01 para a "ansiedade diante da avaliación" e "ansiedade fronte aos números e ás operacións matemáticas" e ao 0,05 nos factores referidos á "ansiedade diante da temporalidade" e "ansiedade diante da comprensión de problemas". O único valor cuxa correlación non é significativa é o factor "ansiedade perante situacións da vida real (-,026). Estes valores tan baixos lévannos a pensar na baixa relación que existe entre o rendemento diante das matemáticas e a ansiedade, aínda que o seu signo (negativo) denota que a maior ansiedade o rendemento diminúe Táboa 5.

Conclusóns

Os resultados evidencian diferenzas significativas no que fai referencia ao tipo de centro en todos os factores considerados. Os datos revelan a existencia de valores máis altos de ansiedade nos centros públicos que nos privados e concertados. Con respecto ao curso, danse diferenzas evidentes entre primeiro e cuarto, no que se refire á "ansiedad" como puntuación global. Mentre, as diferenzas atribuídas ao sexo veñen marcadas en dous factores "ansiedade diante da temporalidade" e "ansiedade diante dos problemas da vida real", sendo os homes os que teñen máis ansiedade nos dous casos.

No que atinxé á relación entre o rendemento e a variable ansiedade, aquel non se ve afectado pola "ansiedad diante da temporalidade",

nin pola "ansiedad diante da comprensión de problemas" nin pola "ansiedad perante problemas de vida real", ao non encontrárense diferenzas estatisticamente significativas. Observamos, no entanto, diferenzas no caso da "ansiedad total", "ansiedad diante da avaliación" e "ansiedad fronte aos números e ás operacións matemáticas".

Como consecuencia, concluímos que o rendemento diminúe a medida que a ansiedade é maior.

		Cualificación dos alumnos	Ansiedad ante a avaliación	Ansiedad ante a temporalidade	Ansiedad ante a comprensión de problemas	Ansiedad fronte aos números e ás operacións matemáticas	Ansiedad ante situacións da vida real
Cualificación dos alumnos	Sig. (bilateral)		,001	,023	,039	,002	,360
Ans. ante a avaliación	Sig. (bilateral)	,001		,000	,000	,000	,000
Ans. ante a temporalidade	Sig. (bilateral)	,023	,000		,000	,000	,000
Ans. ante a compresión de problemas	Sig. (bilateral)	,039	,000	,000		,000	,558
Ans. fronte aos números e ás operacións matemáticas	Sig. (bilateral)	,002	,000	,000	,000		,000
Ans. ante situacións da vida real	Sig. (bilateral)	,360	,000	,000	,558	,000	

Táboa 5

Correlacións cualificacións-factores de ansiedade

** A correlación é significativa ao nivel 0,01 (bilateral).

Por último, tendo en conta os resultados do estudo, unha redución da ansiedade debe ir acompañada dun aumento no rendemento en matemáticas tal e como afirman diversos autores (Hembree, 1990; Ashcraft, 2002). Deste modo, a redución da ansiedad, debe ser un obxectivo importante no que os profesores de matemáticas deberían interesar. Impónse, xa que logo, a necesidade de buscar formas de intervención acordes coas características e posibilidades concretas do grupo en cuestión.

Ademais, como afirman Gil, Blanco e Guerrero (2005), o ensino-aprendizaxe matemático ten un amplio poder sobre as actitudes e a ansiedade dos estudiantes. Os profesores podemos ser transmisores, non só de ferramentas cognitivas, senón de expectativas positivas e de motivación de éxito. Podemos axudar a que o alumno adquira confianza en si mesmo e, se o consegue, é posible que logre altas metas. Cando menos terá máis posibilidades de acadar o desenvolvemento harmónico da súa personalidade e a adaptación a calquera ámbito (familiar, escolar, laboral ou social). Pola súa parte, o profesorado terá contribuído a enfocar o seu exercicio profesional para unha educación integral.

Bibliografía

- ABREU, G. (1998) Studying social representations of mathematics learning in multiethnic primary schools: work in progress. *Papers on social representations: Threadds of discussion* 7 (1-2) 1-20.
- ASHCRAFT, M. H. (2002) Math Anxiety: Personal, Educational, and Cognitive Consequences. *Current Directions in Psychological Sciences*, 11, 5, 181-185.
- COCKCROFT, W. H. (1982) Mathematics Counts: Report of the Commission of Inquiry into the Teaching of Mathematics in Schools. Her Majesty's Office. London.
- DODD, A. W. (1992) Insights from a Math Phobic. *Mathematics Teacher*, 85, 296-298.
- GIL, N., BLANCO, L. e GUERRERO, E. (2005) El dominio afectivo en el aprendizaje de las matemáticas. Una revisión de sus descriptores básicos. *Unión Revista Iberoamericana de Educación Matemática* (2) 15-32. <http://www.fisem.org/paginas/union/revista.php>
- HEMBREE, R. (1990) The Nature, Effects, and Relief of Mathematics Anxiety. *Journal for Research in Mathematics Education* (21) 33-46.
- LAZARUS, M. (1974) Mathophobia: Some personal speculations. *The National Elementary Principal* (53) 16-22.
- MARSH, H. W. (1988) The Content Specificity of Math and English Anxieties: The High School and Beyond Study. *Anxiety Research* (1) 137-149.
- MARSHALL, G. (2000) Explaining mathematics anxiety in college students. A research project. *The Mathematics Educator*.
- MATO, D. (2006) Diseño y validación de dos cuestionarios para evaluar las actitudes y la ansiedad hacia las matemáticas en alumnos de Educación Secundaria Obligatoria. Universidad da Coruña (Tese non publicada).
- ONWUEGBUIZE, A. J. (2003) Modeling statistics achievement among graduate students. *Educational and Psychological measurement*, 63 (6) 1020-1038.
- RESNICK, H., VIEHE, J. e SEGAL, S. (1982) Is Math Anxiety a Local Phenomenon? A Study of Prevalence and Dimensionality. *Journal of Counseling Psychology* (29) 39-47.
- RICHARDSON, F. C. e SUINN, R. M. (1972) The Mathematics Anxiety Rating Scale: Psychometric data. *Journal of Counseling Psychology* (19) 551-554.
- RICK SEAMAN, C. (1999) I've got a secret: Math Anxiety. *Philosophy of Mathematics Education Journal* (11) 1-5.
- SUINN, R. M., TAYLOR, S. e EDWARDS, R. W. (1989) The Suinn Mathematics Anxiety Rating Scale (MARS-E) for Hispanic Elementary School Students. *Hispanic Journal of Behavioral Sciences* (11) 83-90.
- TOBIAS, S. e WEISSBROD, C. (1980) Anxiety and Mathematics: An Update. *Harvard Educational Review* (50) 61-70.
- WIGFIELD, A. e MEECE, J. L. (1988) Math Anxiety in Elementary and Secondary School Students. *Journal of Educational Psychology* (80) 210-216.